

O inferno por Rubín

BD Sólida narración construída a través da viaxe dun atormentado autor de cómics por lugares de angustia

Cuaderno de Tormentas, publicado por Planeta DeAgostini, é o último traballo de David Rubín ao tempo que o consolida como un dos autores de cómic máis importantes da península, despois do éxito de *El circo del desaliento* (Astiberri, 2005) e *La tetería del Oso Malayo* (Astiberri, 2006), títulos que lle valeron numerosos recoñecementos, como o Autor Revelación do Saló do Cómic de Barcelona, o Premio da Crítica á Mellor Obra do 2006 ou a mención de finalista no Premio Nacional de Cómic. Non é de estrañar, á vista de todo iso, que este volume estea prologado polo mismísimo Max.

Continuando na súa persoal e inconfundible poética, Rubín volve de novo a valerse de pequenas historias, por veces tan só insinuadas, para compoñer un relato maior. Nesta ocasión ofrécenos unha narración sólida que se artella a través da viaxe dun atormentado autor de cómics á procura de historias que contar polos infames lugares de Espanto, atormentada cidade sinónimo de angustia, infelicidade e –nunha palabra– sufrimento. *Cua-*

derno de Tormentas é unha reflexión sobre a creación e as debilidades do artista, na se lle fala directamente ao lector servíndose da figura do narrador, un personaxe que en ocasións semella un trasunto do propio Rubín. Neste senso, o lector é convocado e advertido sobre os perigos de seguir lendo o caderno de notas do narrador a través dos interludios que dividen a obra. Mais de continuar a lectura, coñeceranse lugares e personaxes de Espanto que nos levarán dende as Gargantas do Esquecemento –portas da cidade– ata a Estación Central –única saída dela–, e máis de trinta paradas de suxerente nome e con cadanseu protagonista, nas que, a risco da súa vida, o narrador atopará aquilo que o levou ata alá e mesmo algo co que non contaba: o amor.

En *Cuaderno de Tormentas* volve-mos atopar trazos característicos da obra de Rubín. Canto á temática volve á reflexión sobre o traballo creativo, a relación co lector e coa propia obra, o recoñecemento do público, o amor como única salvación e tamén condena... Así mesmo, vólvese evidenciar nes-

**Cuaderno de
Tormentas** ·
David Rubín ·
Planeta de Agostini,
2008 · 112 páx ·
12,95 euros



te traballo o gusto do autor polas historias universais e clásicas, a alusión á mitoloxía, que deixa fondas pegadas na composición dos seus personaxes, e numerosas referencias, máis ou menos veladas, a filmes, novelas ou cómics. Todo isto valéndose dun debuxo en que destaca tanto o uso expresivo da tinta como o tratamento da cor e, especialmente, a sorprendente composición das páxinas que nos levan de maneira fluída de plano en plano, de secuencia en secuencia, ata alcanzar un prodixioso final que se pecha coa grande pregunta que persegue a todo creador. Pero para saber cal é esta pregunta, e se esta ten algunha resposta, hai que transitar primeiro as perigosas rúas de Cidade Espanto. // **María Lado**



Viñeta de *Cuaderno de Tormentas*. // **D. Rubín**